



CONSELLO  
DA AVOGACÍA  
GALEGA



FORMACIÓN  
Consello da Avogacía Galega



# CURSO DE COMPLIANCE PENAL

Versión xuño 2021



## ÍNDICE

<b>Presentación</b>	<b>2</b>
<b>Memoria</b>	<b>2</b>
Características do curso	3
Obxectivos do curso	4
Matrícula e inscricións	4
Certificación académica	4
Equipo	5
Como estudar este curso	5
Probas	6
Foro	7
<b>Programa do curso</b>	<b>8</b>
<b>Estatuto do Consello da Avogacía Galega</b>	<b>16</b>

## Presentación

A responsabilidade penal das persoas xurídicas non excluírá a das persoas físicas, nin a destas excluírá a responsabilidade penal daquelas. Non cabe a alegación da separación de patrimonios da persoa xurídica por razón de ter personalidade xurídica, cando tal separación é, na realidade, unha ficción que pretende obter un fin fraudulento, como incumplir un contrato, eludir a responsabilidade contractual ou extracontractual, aparentar insolvencia, etc.

O principal obxectivo da responsabilidade sería a autorregulación dirixida á prevención do delito no seo do ente colectivo, ante a incapacidade dos Estados para realizar eficazmente dita función, e efectuar unha administración a longo prazo dos riscos.

Por iso, a importancia que adquiriron nas organizacións, a raíz do recoñecemento legal da responsabilidade penal das persoas xurídicas, os programas de cumprimento da legalidade (*compliance*) e a figura do *Compliance Officer*, pois as empresas e organizacións deberán asumir privadamente unha función preventiva para reducir o risco de incorrer en responsabilidade propia.

## Memoria

O Código Penal establece que, para eximirse da súa posible responsabilidade criminal por delitos cometidos polos seus xestores, empregados ou dependentes, os órganos de administración das empresas deben de adoptar e executar, antes da comisión do devandito delito, un modelo de organización e xestión que inclúa medidas de vixilancia e control idóneas para previr delitos da mesma natureza que o labor.

Podemos dicir que prevención, detección e reacción son obxectivos de todo programa de cumprimento normativo penal e igual que se establecen estándares e procedementos para previr comportamentos delituosos, débense establecer mecanismos para detectalos e medidas para reaccionar fronte a eles, tanto no que se refire á persoa do infractor como no que se refire á investigación de condutas similares e á modificación dos estándares e procedementos, por entender que non son completamente adecuados para previr condutas similares.

É un requisito esencial e elemental de calquera programa de cumprimento eficaz que se coñeza o seu contido.



A empresa deberá facilitar ao Compliance Officer todos os medios e recursos que sexan necesarios, tanto para a elaboración do programa de cumprimento normativo coma para que todo o persoal estea informado do mesmo e a información chegue aos empregados.

No presente curso abórdanse todos os aspectos relacionados co compliance, comezando co estudo da responsabilidade penal da persoa xurídica, pasando pola figura do Compliance Officer e os plans de prevención de riscos penais, e rematando coa defensa penal corporativa.

Este curso, impartido polo Consello da Avogacía Galega, parte dunha colaboración coa editorial Wolters Kluwer, que puxo a disposición do Consello o seu servizo de desenvolvemento de contidos formativos especializados, permitíndonos chegar a un maior número de profesionais no ámbito territorial de Galicia.

A modalidade formativa en liña facilitará que os contidos estean dispoñibles 24 horas ao día, 365 días ao ano.

## Características do curso

Extensión:	★★★★★★★☆☆
Profundidade:	★★★★★★★☆☆
Flexibilidade:	★★★★★★★☆☆

**Organiza:** Consello da Avogacía Galega, en colaboración cos colexios de avogados de Galicia e coa participación da editorial Wolters Kluwer.

**Coordina:** Secretaría Técnica CAG.

**Dirixido a:** profesionais da avogacía galega.

**Modalidade:** en liña, ou E-learning, desde a web <http://avogacia.gal/formacion> .

**Lingua do curso:** castelán.

**Lingua da plataforma:** castelán ou galego, configurable por cada usuario no seu perfil.

**Número de horas lectivas:** 70.

**Prazo de matrícula:** até o 30 de xullo do 2021.

**Lugar de matrícula:** na aula virtual do Consello da Avogacía Galega, <http://avogacia.gal/formacion>.

**Prezo:** 50 € - Colexiados/as exercentes, non exercentes e alumnos/as do Mestrado da Avogacía.

**Remate do curso:** 17 de decembro do 2021.

**Superación do curso:** para a obtención do certificado é obrigatoria a superación de todos os cuestionarios do curso.

## Obxectivos do curso

Capacitar aos profesionais para o desenvolvemento dun programa de cumprimento normativo penal que supoña a prevención, detección e reacción ante comportamentos delituosos.

## Matrícula e inscricións

A matrícula realizarase polos propios interesados a través da plataforma formativa do Consello, <http://avogacia.gal/formacion>.

**O pagamento da matrícula dá acceso inmediato aos contidos do curso.**

## Certificación académica

Este curso está homologado polo Consello da Avogacía Galega. Tras completar o estudo de todos os módulos teóricos en liña e trala superación de todos os cuestionarios de autoavaliación, poderase descargar automaticamente e imprimir un certificado cun código seguro de verificación que garante a autenticidade do mesmo.



## Equipo


O equipo responsable do presente curso está formado polos seguintes profesionais:

Persoa	Tarefa
<b>DANIEL ROBERTO GARRIDO PAZOS</b> AVOGADO Formación e experiencia profesional en cumprimento normativo	<b>Titoría</b>
<b>SERGIO ARAMBURU GUILLÁN</b> AVOGADO Secretario técnico do Consello da Avogacía Galega	<b>Coordinación do curso</b>
<b>VERÓNICA PAJÓN JACOBE</b> DOCUMENTALISTA Xestora de Formación no Consello da Avogacía Galega	<b>Xestión e maquetación</b>

## Como estudar este curso

A actividade formativa será ofrecida mediante o uso da plataforma Moodle. Temas, lexislación e material de apoio en permanente actualización. Ademais, prestarase titoría en liña coas coordinadoras do curso mediante un sistema de foros.

Ao entrar na plataforma, pódense visualizar os diferentes temas organizados por pestanas:



Dentro de cada un dos temas, atópanse contidos formativos de diferente tipo:

- **Formación interactiva.**

 **Tema 1. Regulación jurídica**

- Consulta o contido dun xeito interactivo -

- Formación en PDF.

### Tema 1. Regulación jurídica

- Consulta o contido en PDF -

- Cuestionarios de autoavaliación.

### Tema 1. Evaluación

### Tema 1. Cuestionario de autoevaluación

Os contidos teóricos ofrécense :

- Mediante *paquetes SCORM*, que permiten seguir a formación cunha presentación guiada, con animacións e un formato máis interactivo.
- Mediante documentos en formato PDF, que se poden descargar e imprimir, pero que non permiten realizar os exercicios nin outras actividades interactivas<sup>1</sup>.

## Probas

Ao final de cada tema se realizará unha proba de autoavaliación consistente nun cuestionario de tipo test, que se corrixe automaticamente e que debe ser aprobado para a obtención do diploma acreditativo da superación do curso. **É importante realizar unha lectura comprensiva dos temas e completar o estudo co material adicional antes da realización das probas.**

---

<sup>1</sup> Recomendamos, porén, que os materiais non se impriman porque están en permanente actualización e poden ser variados.





## Foro

Os foros son unha **ferramenta de debate** onde os estudantes e as titoras poden ter conversacións extensas sen necesidade de estar conectados ao mesmo tempo.

É a través dos foros onde se deben formular as dúbidas sobre o temario, e onde se dan os debates e discusións dos temas do curso. Son unha parte esencial para o desenvolvemento do curso e constitúen espazos onde, ademais de resolverse dúbidas, serven para cambiar impresións e consultar as dificultades que cada un atope.

O alumnado dispón dun foro xeral do curso na parte xeral, na zona superior da aula virtual; aquí as titoras poderán, por exemplo, propor temas de discusión relacionados con conceptos do programa teórico e con temas de actualidade. É importante a participación do alumno/a, compartindo opinións, propoñendo temas de debate, etc.

### **Foro xeral do curso**

- Consulta as túas dúbidas co titor do curso -

### **Novidades**

Ademais do foro xeral, o alumno/a poderá acceder ao foro de novidades. A diferenza do primeiro, o uso deste quedará reservado a administradores e formadores do curso. Nel publicaranse novidades de interese para o alumnado, como actualización de contidos, publicación de novas de actualidade e outros recursos que se consideren relevantes.

**\*\*Na plataforma está publicado un sinxelo manual de uso no que se explica como navegar pola aula virtual e como utilizar os recursos dispoñibles**



## Programa do curso

### TEMA 1. REGULACIÓN XURÍDICA

- 1.1. Presentación
- 1.2. Evolución lexislativa
- 1.3. Requisitos para incorrer en responsabilidade penal as persoas xurídicas I
- 1.4. Requisitos para incorrer en responsabilidade penal as persoas xurídicas II
- 1.5. Requisitos para incorrer en responsabilidade penal as persoas xurídicas III
- 1.6. Requisitos para incorrer en responsabilidade penal as persoas xurídicas IV
- 1.7. Autonomía da responsabilidade penal da persoa xurídica
- 1.8. Modelos de imputación da responsabilidade penal da persoa xurídica I
- 1.9. Concepto xurídico-penal de persoa xurídica
- 1.10. Causas de exención da responsabilidade penal da persoa xurídica
- 1.11. Carga da proba
- 1.12. Atenuantes e circunstancia agravantes
- 1.13. Penas que poden imporse á persoa xurídica I
- 1.14. Pena de multa
- 1.15. Penas privativas de dereitos
- 1.16. Regras de determinación das penas I
- 1.17. Regras de determinación das penas II
- 1.18. Responsabilidade civil da persoa xurídica
- 1.19. Resumo
- 1.20. Bibliografía

### TEMA 2. O MINISTERIO FISCAL ANTE O DEREITO PENAL DAS PERSOAS XURÍDICAS

- 2.1. Presentación
- 2.2. Sistema pechado I
- 2.3. Sistema pechado II
- 2.4. Introducción
- 2.5. Circular 1/2011 da Fiscalía Xeral do Estado



- 2.6. Circular 1/2016 da Fiscalía Xeral do Estado I
- 2.7. Circular 1/2016 da Fiscalía Xeral do Estado II
- 2.8. Circular 1/2016 da Fiscalía Xeral do Estado III
- 2.9. Circular 1/2016 da Fiscalía Xeral do Estado III
- 2.10. Circular 1/2016 da Fiscalía Xeral do Estado IV
- 2.11. Contido dos modelos de organización e xestión na Circular 1/2016
- 2.12. Criterios para valorar a eficacia dos modelos de organización e xestión na Circular 1/2016 I
- 2.13. Criterios para valorar a eficacia dos modelos de organización e xestión na Circular 1/2016 II
- 2.14. Resumo
- 2.15. Bibliografía

### **TEMA 3. DELITOS IMPUTABLES Á PERSOA XURÍDICA (I)**

- 3.1. Presentación
- 3.2. Tráfico ilegal de órganos humanos I
- 3.3. Tráfico ilegal de órganos humanos II
- 3.4. Tráfico ilegal de órganos humanos III
- 3.5. Trata de seres humanos I
- 3.6. Trata de seres humanos II
- 3.7. Trata de seres humanos III
- 3.8. Delitos relativos á prostitución e corrupción de menores I
- 3.9. Delitos relativos á prostitución e corrupción de menores II
- 3.10. Delitos relativos á prostitución e corrupción de menores III
- 3.11. Delitos relativos á prostitución e corrupción de menores IV
- 3.12. Delitos relativos á prostitución e corrupción de menores V
- 3.13. Delitos relativos á prostitución e corrupción de menores VI
- 3.14. Delitos relativos á prostitución e corrupción de menores VII
- 3.15. Delitos contra a intimidade e violación informática I
- 3.16. Delitos contra a intimidade e violación informática II
- 3.17. Delito de estafa

- 3.18. Delitos de frustración da execución
- 3.19. Delitos de insolvencias punibles
- 3.20. Delito de danos informáticos
- 3.21. Delitos de alteración de prezos en concursos e poxas públicas
- 3.22. Delitos relativos á propiedade intelectual e industrial
- 3.23. Delitos contra o mercado
- 3.24. Delitos contra os consumidores
- 3.25. Resumo
- 3.26. Bibliografía

#### **TEMA 4. DELITOS IMPUTABLES Á PERSOA XURÍDICA (II)**

- 4.1. Presentación
- 4.2. Delitos de corrupción nos negocios I
- 4.3. Delitos de corrupción nos negocios II
- 4.4. Delito de branqueo de capitais
- 4.5. Delitos de financiamento ilegal dos partidos políticos
- 4.6. Delitos contra a Facenda Pública
- 4.7. Delitos contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros
- 4.8. Delitos de construción, edificación ou urbanización ilegal
- 4.9. Delitos contra o medio ambiente
- 4.10. Delito de falsidade de moeda e de medio de pago
- 4.11. Delito de suborno
- 4.12. Delito de suborno pasivo I
- 4.13. Delito de suborno pasivo II
- 4.14. Delito de suborno activo
- 4.15. Delitos de tráfico de influencias
- 4.16. Delito fiscal I
- 4.17. Delito fiscal II
- 4.18. Delito fiscal III
- 4.19. Subtipos agravados do delito fiscal



- 4.20. Atenuación e prescrición do delito fiscal
- 4.21. Execución e responsabilidade no delito fiscal I
- 4.22. Execución e responsabilidade no delito fiscal II
- 4.23. Delito contable I
- 4.24. Escusa absolutoria do delito contable
- 4.25. Consumación e prescrición do delito contable
- 4.26. Resumo
- 4.27. Bibliografía

#### **TEMA 5. FIGURA DO COMPLIANCE OFFICER**

- 5.1. Presentación
- 5.2. Introducción
- 5.3. Programa de Compliance Officer e obxectivos I
- 5.4. Programa de Compliance Officer e obxectivos II
- 5.5. Programa de Compliance Officer e obxectivos III
- 5.6. Funcións do Compliance Officer
- 5.7. Xestión do modelo de prevención I
- 5.8. Xestión do modelo de prevención II
- 5.9. Información e formación sobre o modelo de prevención I
- 5.10. Información e formación sobre o modelo de prevención II
- 5.11. Revisión e modificación do modelo de prevención
- 5.12. Canle de denuncias e investigacións internas
- 5.13. Órgano responsable do cumprimento I
- 5.14. Órgano responsable do cumprimento II
- 5.15. Externalización do servizo
- 5.16. Perfil do Compliance Officer
- 5.17. Responsabilidade penal do Compliance Officer
- 5.18. Resumo
- 5.19. Bibliografía

## **TEMA 6. MODELO DE PREVENCIÓN DE RISCOS PENAIS (I)**

- 6.1. Presentación
- 6.2. Estrutura tipo dun programa de prevención de riscos penais
- 6.3. Fases secuenciais
- 6.4. Identificación de riscos penais I
- 6.5. Identificación de riscos penais II
- 6.6. Identificación de riscos penais III
- 6.7. Identificación de riscos penais IV
- 6.8. Priorización de riscos e elaboración do mapa de riscos penais
- 6.9. Identificación de procesos I
- 6.10. Identificación de procesos II
- 6.11. Revisión dos controis existentes
- 6.12. Elaboración dun plan de acción
- 6.13. Implementación do plan de acción
- 6.14. Resumo
- 6.15. Bibliografía

## **TEMA 7. MODELO DE PREVENCIÓN DE RISCOS PENAIS (II)**

- 7.1. Presentación
- 7.2. Identificación de riscos penais I
- 7.3. Identificación de riscos por procesos II
- 7.4. Probabilidade de ocorrencia e impacto dos riscos I
- 7.5. Probabilidade de ocorrencia e impacto dos riscos II
- 7.6. Probabilidade de ocorrencia e impacto dos riscos IV
- 7.7. Ponderación de riscos e obtención do mapa de riscos penais
- 7.8. Conclusións sobre a determinación dos riscos penais I
- 7.9. Conclusións sobre a determinación dos riscos penais II
- 7.10. Conclusións sobre a determinación dos riscos penais III
- 7.11. Resumo
- 7.12. Bibliografía



### **TEMA 8. MODELO DE PREVENCIÓN DE RISCOS PENAIS (III)**

- 8.1. Presentación
- 8.2. Introducción
- 8.3. Identificación de controis I
- 8.4. Avaliación da eficacia dos controis
- 8.5. Establecemento de plans para a mellora dos controis
- 8.6. Proceso de elaboración e contido do Manual de Corporate Defense I
- 8.7. Proceso de elaboración e contido do Manual de Corporate Defense II
- 8.8. Proceso de elaboración e contido do Manual de Corporate Defense IV
- 8.9. Materialización dos riscos penais
- 8.10. Como se mide a eficacia dun programa de prevención de riscos penais
- 8.11. Resumo
- 8.12. Bibliografía

### **TEMA 9. DEFENSA PENAL CORPORATIVA (I)**

- 9.1. Presentación
- 9.2. Principios do proceso penal
- 9.3. Xurisdición I
- 9.4. Xurisdición II
- 9.5. Competencia I
- 9.6. Competencia II
- 9.7. Competencia III
- 9.8. Determinación do procedemento
- 9.9. Citación e comparecencia en xuízo da persoa xurídica I
- 9.10. Citación e comparecencia en xuízo da persoa xurídica II
- 9.11. Designación dun representante
- 9.12. Persoación como parte da persoa xurídica sometida a medidas cautelares pero non investigada
- 9.13. Imputación
- 9.14. Medidas cautelares contra a persoa xurídica I

- 9.15. Medidas cautelares contra a persoa xurídica II
- 9.16. Intervención xudicial nas medidas cautelares
- 9.17. Domicilio da persoa xurídica
- 9.18. Conformidade en xuízo da persoa xurídica
- 9.19. Busca e captura da persoa xurídica
- 9.20. Resumo
- 9.21. Bibliografía

#### **TEMA 10. DEFENSA PENAL CORPORATIVA (II)**

- 10.1. Presentación
- 10.2. Estratexias procesuais preventivas: Plan de Prevención I
- 10.3. Estratexias procesuais preventivas: Plan de Prevención II
- 10.4. Estratexias procesuais preventivas: Plan de Prevención III
- 10.5. Estratexias procesuais preventivas: Plan de Prevención do Branqueo de Capitais I
- 10.6. Estratexias procesuais preventivas: Plan de Prevención do Branqueo de Capitais II
- 10.7. Estratexias procesuais preventivas: Plan de Prevención do Branqueo de Capitais III
- 10.8. Estratexias procesuais preventivas: Plan de Prevención do Branqueo de Capitais IV
- 10.9. Estratexias procesuais preventivas: Plan de Prevención do Branqueo de Capitais V
- 10.10. Estratexias procesuais preventivas: Plan de Prevención do Branqueo de Capitais VI
- 10.11. Estratexias preprocesuais de detección: Recepción de comunicacións ou denuncias I
- 10.12. Estratexias preprocesuais de detección: Recepción de comunicacións ou denuncias II
- 10.13. Estratexias preprocesuais de detección: Recepción de comunicacións ou denuncias III
- 10.14. Estratexias preprocesuais de detección: Investigacións internas I
- 10.15. Estratexias preprocesuais de detección: Investigacións internas II
- 10.16. Estratexias preprocesuais de detección: Investigacións internas III
- 10.17. Estratexias preprocesuais de detección: Investigacións internas IV





- 10.18. Estratexias preprocesuais de resposta fronte ao achado de irregularidades
- 10.19. Estratexias preprocesuais de defensa fronte a un previsible procedemento sancionador penal ou administrativo I
- 10.20. Estratexias preprocesuais de defensa fronte a un previsible procedemento sancionador penal ou administrativo II
- 10.21. Estratexias preprocesuais de defensa fronte a un previsible procedemento sancionador penal ou administrativo III
- 10.22. Observacións sobre determinadas decisións estratéxicas procesuais relevantes
- 10.23. Resumo
- 10.24. Bibliografía

## Estatuto do Consello da Avogacía Galega

APROBADO POR DECRETO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA, O  
DÍA 3 DE XUÑO DE 1993. (DOG DO DÍA 23)

(...)

### *Artigo 5*

No ámbito territorial da súa competencia, [o Consello] terá as seguintes funcións:

5.1. As atribuídas ao Consello Xeral da Avogacía Española pola Lei de colexios profesionais, en canto teñan ámbito ou repercusión soamente no territorio da Comunidade Autónoma e cantas outras lle foran encomendadas por virtude de disposicións xerais ou especiais, sempre que non interfiran na autonomía e as competencias propias de cada colexio.

(...)

5.4. Fomentar, crear e organizar institucións, servizos e actividades con relación á profesión de avogado, que teñan por obxecto a formación e perfeccionamento profesional, promoción cultural, a asistencia social e sanitaria, a previsión, a cooperación e o mutualismo, o fomento da ocupación e outras actuacións convintes. Establecer, para tales fins, os concertos ou acordos máis oportunos coa Administración e as institucións ou entidades que correspondan.

(...)